

A observación como método de investigación empírica en Lingüística

Ana Iglesias Álvarez

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

O nacemento nos anos sesenta de novas áreas lingüísticas (Sociolingüística, Psicolingüística, Pragmática, Lingüística Aplicada), supón o triunfo do empirismo na nosa disciplina, de xeito que o denominado *traballo de campo* se converte nunha peza clave *tamén* nos estudos lingüísticos. Sen embargo, desde a Lingüística a reflexión metodolóxica resulta aínda hoxe escasa, por suposto con notables excepcións. Neste artigo pretendemos poñer de relevo a supeditación desta disciplina, e en xeral de tódalas que se integran nas ciencias humanas, ós métodos e técnicas impostos polas ciencias físico-naturais. En primeiro lugar, revisamos a distinción tradicional entre coñecemento de observador e de axente. A continuación, analizamos a diferenza entre as técnicas cuantitativas e cualitativas, reivindicando a necesidade da pluralidade metodolóxica no estudo dos fenómenos sociais, incluídos os lingüísticos.

Palabras clave: coñecemento de observador e coñecemento de axente, observación directa e indirecta, metodoloxía cuantitativa e cualitativa, triangulación.

ABSTRACT¹

The birth in the 1960's of some new linguistic fields (Sociolinguistics, Psycholinguistics, Pragmatics, Applied Linguistics) means the triumph of empiricism in our field, in such a way that the so-called *field-work* becomes a key *also* to linguistic studies. Nevertheless, reflection on methodology is still scant today, with some important exceptions, of course. In this article we try to point out the dependence of our field, and in general of all the areas comprised in human sciences, to the methods and techniques imposed by natural sciences. Firstly, we revise the traditional distinction between knowledge of obser-

Data de Aceptación: decembro de 2001

1 A traducción ó inglés do resumo realizouna Olalla Álvarez Iglesias, a quen agradezo a súa gran eficiencia e rapidez.

ver and knowledge of agent. Next, we analyse the difference between quantitative methodology and qualitative methodology, claiming the need of methodological plurality in the study of social phenomena, linguistic included.

Key words: knowledge of observer and knowledge of agent, direct and indirect observation, quantitative and qualitative methodology, triangulation.

0. CUESTIÓNS METODOLÓXICAS

O nacemento da Lingüística moderna e o seu recoñecemento como disciplina autónoma e científica, da man de autores como Saussure e Chomsky, responde a unha concepción das linguas como sistemas abstractos ou ideais, dos que só interesan os aspectos *lóxicos* e *homoxéneos*. Exclúese así do obxecto de estudio da Lingüística todo aquilo que supoña variación e, polo tanto, realización contextualizada por parte dos falantes (o ámbito por excelencia da variación). Este xeito de concibir a disciplina e o seu obxecto de estudio implica importantes consecuencias metodolóxicas. Dado que, desde esta perspectiva, ó lingüista non lle interesa a produción real, senón as regras (normativas) que permiten producir oracións gramaticalmente aceptables, resúltalle suficiente como método de investigación o seu propio coñecemento intuitivo e individual da lingua que estudia. Este método vén denominándose *introspección*, en oposición ó *método inductivo*, que se basea, polo contrario, na *observación* de datos externos ó propio estudioso. A diferenza entre ambos reside tanto no tipo de datos manexados, como na relación destes co investigador². No método introspectivo, o característico da Lingüística formal ou tamén coñecida como *Lingüística autónoma* (estructuralismo europeo, xenerativismo, etc.), o propio lingüista crea os datos que servirán de exemplo ás súas teorías. Trátase, polo tanto, de datos auto-inventados (Itkonen, 1984: 336), creados a *posteriori* polo investigador³. Este método despreza calquera intento de elaboración dun corpus a partir de datos proporcionados por outros falantes (informantes). Como nos recorda Milroy, os xenerativistas, por exemplo, sosteñen que ningún “corpus of data, however large, can usefully serve as a basis for linguistic generalizations since any corpus is a partial and accidental collection of utterance” (Milroy, 1987: 6). Así, desde o punto de vista da *Lingüística autónoma* o único procedemento metodolóxico válido é a introspección ou, dito doutro xeito, os xuízos intuitivos do *propio investigador*. Co fin de evitar a ambigüidade terminolóxica e conceptual, utilizaremos o termo “introspección” para referirnos exclusivamente á intuición ou

2 Os datos desempeñan un papel fundamental en calquera investigación, xa que constituén o punto de partida para a elaboración de hipóteses, e ademais cómpre de novo recorrer a eles na fase de contrastación ou testificación das teorías acadadas. Sen embargo, como teremos oportunidade de comprobar, os datos que se utilizan con estes fins poden diferir en gran medida, segundo a orientación teórica e metodolóxica dos estudos.

3 Sería o que Rocío Caravedo denomina “proceso de creación de la oración ejemplificadora” (Caravedo, 1999: 26).

competencia lingüística deste (Milroy, 1987: 3), excluindo, polo tanto, os xuízos intuitivos que non proceden do investigador, senón dun conxunto seleccionado de informantes. De feito, Chomsky, aínda que afirma recorrer como procedemento de contrastación empírica ós xuízos intuitivos *do falante ou do lingüista*, en realidade prioriza claramente a intervención deste último (Fernández Pérez, 1984: 134). Por outra parte, neste tipo de investigacións, aínda que o lingüista combine as intuicións propias coas procedentes doutros individuos, trátase sempre dun número reducido de informantes e as súas intuicións non se recollen de xeito sistemático e explicitado polo investigador, características que, como veremos, consideramos necesarias na Lingüística empírica (Caravedo, 1999: 22). Por último, atopamos o problema engadido de que aparecen mesturados o saber metalingüístico orixinario —o que ten o investigador como falante nativo— e o técnico-normativo —o que ten o investigador como lingüista— (Caravedo, 1999: 23). En definitiva, a Lingüística que recorre exclusivamente á introspección, a Lingüística autónoma ou formal, non a podemos cualificar de empírica, debido ó seu carácter individual e ideal⁴.

Nun intento de superar este idealismo epistemolóxico que caracteriza gran parte das correntes lingüísticas da primeira metade do século XX, o novo reto dos estudiosos da nosa disciplina consistirá en outorgarlle o status de ciencia *empírica e factual*⁵. Pero antes de seguir avanzando, cómpre aclarar con algo máis de detalle qué entendemos por empírico, e para

4 A este respecto, resulta ilustrativa a seguinte crítica a Chomsky: “Chomsky utiliza sus propios juicios intuitivos, que son no sólo individuales sino también ideales debido a su formación lingüística; tengamos en cuenta que esos juicios constituyen las pautas de interpretación de los datos reales, de cuya variabilidad interesará únicamente la que pueda reducirse a ese marco de juicios intuitivos del propio estudioso, que se identifica con lo ‘ideal’. (...) De tal manera que el carácter empírico se convierte en carácter ‘ideal’ identificado con ‘individual’. Dicho de otro modo, los procedimientos de contrastación no están sustentados en lo que se considera bases adecuadas de la práctica científica, sino que responden a los *juicios intuitivos personales del investigador* -que, por otra parte, ha construido la teoría-, de tal forma que la confrontación cierra el círculo abierto en torno a Chomsky, sus intuiciones y su sistema teórico, sin que exista, en ningún momento, posibilidad de contacto con la realidad lingüística heterogénea y compleja. De ello se deduce, me parece, que la teoría lingüística chomskiana no es ‘empírica’, y que tampoco lo es la ciencia lingüística si la entendemos en el sentido del autor” (Fernández Pérez, 1984: 140, a cursiva é miña).

Por outra parte, Duranti (2000: 112) recolle as principais críticas que se lle teñen feito á Lingüística formal desde a Sociolingüística e a Antropoloxía lingüística: “Labov ha sistematizado algunos de estos problemas: el ámbito limitado de información extraída por trabajar solamente con las intuiciones propias o de unos pocos informantes, la dificultad de tener intuiciones sobre la variación y su significado para los hablantes, y las limitaciones teóricas de asumir que pueden resolverse las diferencias entre las intuiciones si se atribuyen a diferentes ‘dialectos’. Desde una perspectiva antropológica, Hymes señaló que la propia definición de aceptabilidad es problemática, puesto que saber una lengua no solo significa saber lo que es aceptable gramaticalmente, sino también saber lo que es social y culturalmente aceptable.”

Por suposto, este método só permite ó investigador o estudio de linguas das que sexa ó mesmo tempo falante. De aí que os primeiros en acudir a outras metodoloxías, xa de tipo inductivo, fosen os estudiosos interesados en linguas descoñecidas, non europeas, -descritivistas e antropólogos lingüistas americanos-, así como os dialectólogos, que pretenden achegarse a variedades diferentes da estándar.

5 Isto coincide co triunfo do realismo e empirismo en Lingüística na segunda metade do século XX, que dará lugar ó nacemento de disciplinas como a Sociolingüística, a Pragmática, a Psicolingüística ou a Lingüística Aplicada.

facelo resulta fundamental a distinción entre “coñecemento de axente” e “coñecemento de observador”⁶. No primeiro, o home é ó mesmo tempo suxeito investigador e obxecto investigado (teorizador e produtor), é dicir, o investigador produce el mesmo os fenómenos obxecto do seu estudo. En cambio, no coñecemento de observador, o investigador chega ós fenómenos externamente, sen estar ligado a eles, é dicir, estudia fenómenos externos e alleos ós seres humanos. Evidentemente, esta dicotomía é paralela á que distingue entre ciencias brandas ou humanas por un lado, e duras ou naturais polo outro, afirmándose, de paso, que o único coñecemento obxectivo e, polo tanto, empírico, é o que se dá nestas últimas, mentres que o coñecemento de axente queda condenado á subxectividade e incapacidade de contrastación empírica. Como sinala Fernández Pérez,

para algunos autores no es posible un estudio objetivo de los fenómenos sociales puesto que las categorías descriptivas de dichos fenómenos derivan de las interpretaciones subjetivas de los individuos en tanto agentes, y no del análisis objetivo que sería propio de la investigación. (Fernández Pérez, 1986a: 27)

Actualmente estas dicotomías están sendo sometidas a revisión e reconsideración. En primeiro lugar, porque se admite unha obviedade que quedara esquecida: “L’observador-participant —coincidint amb la nomenclatura de la recerca qualitativa tradicional— és imprescindible i és el punt de partida de *qualsevol* coneixement” (Bastardas, 1996: 28, a cursiva é miña). Isto leva a reinterpretar o papel do suxeito-observador nas ciencias duras. Tómase conciencia de que tamén nestas o investigador constrúe o coñecemento coa súa mente, cuestionándose así a tradicional e mitificada obxectividade asociada ó estudio dos fenómenos físico-naturais e ó denominado coñecemento de observador. A observación e interpretación dos fenómenos, por alleos ós seres humanos que sexan, vai indisolublemente unida á mente do investigador, sendo esta a única vía posible de coñecemento e, así, este é sempre *subxectivo* nalgunha medida. Como di Duranti (2000: 105), “el subjetivismo nace del supuesto de que cualquier fenómeno se crea y construye en parte por la persona (es decir, el sujeto) que lo ‘descubre’ o, simplemente lo describe”. Desde este punto de vista, a distinción entre as ciencias naturais e as humanas radica, non tanto no papel do suxeito investigador (observador vs. axente), senón na natureza dos obxectos investigados —*suxeitos* no caso das ciencias humanas—. Volvendo ás palabras de Bastardas,

A diferència de les ciències de la matèria, en el pla dels fenòmens humans no és només la ment de l’observador la que cal prendre en consideració sinó òbviamment també la dels observats. (...) És en ella on es determinen la gran majoria dels cursos d’ac-

6 Para o concepto de “empírico” en Lingüística véxase Fernández Pérez 1984. A distinción entre “coñecemento de observador” e “coñecemento de axente” documéntaa tamén esta mesma autora (Fernández Pérez 1984, 1985), ou Itkonen (1984: 363-364), entre outros.

ció dels humans, fet que diferencia el nostre objecte d'estudi dels que habitualment tracten les ciències de la matèria. (Bastardas, 1996: 33)

Polo tanto, fronte ás ciencias naturais, as humanas caracterízanse como subxectivas nun dobre sentido, por unha parte polo papel do *suxeito-observador* (común a todo coñecemento), pero tamén pola necesidade de ter en conta a propia interpretación dos *suxeitos observados*. Co fin de evitar este segundo nivel de subxectividade, característico exclusivamente das ciencias humanas, estas propóñense limitar as súas investigacións ós fenómenos directamente observables (non mentais), nos que polo tanto é posible obviar o papel da interpretación subxectiva dos individuos obxecto de estudio (estaríamos nesta liña ante a vertente máis radical do conductismo). Segundo esta perspectiva, para obter coñecemento obxectivo e empírico, tanto nas ciencias naturais como nas humanas, o científico debe traballar só con fenómenos observables directamente, pois considérase que unicamente deste xeito se consegue un coñecemento empírico, no sentido de "igual a obxectivo"⁷. En consecuencia, para seren consideradas empíricas, as ciencias humanas vense abocadas a imitar o modelo das naturais, anulando a posibilidade de coñecemento de calquera fenómeno mental. Coincidimos, sen embargo, con Bastardas (1996: 34) en que "fóra un error immens suposar que la definición de la realitat ha d'excloure la ment", máis ben debemos aceptar a mente como un elemento imprescindible para a *comprensión* dos comportamentos humanos. A solución a esta especie de círculo vicioso reside en deixar de restrinxir a noción de "empírico" á observación directa, ampliándoa á percepción conseguida por medios indirectos (Fernández Pérez, 1984: 149-150)⁸. Polo tanto, fronte á división existente na Lingüística contemporánea entre dúas correntes opostas, por unha banda o "cientificismo", que só considera válidos os métodos da física e das matemáticas, e pola outra o "psicoloxismo", que explica tódolos fenómenos lingüísticos a partir das características mentais dos individuos (Mackey, 1994: 41), pretendemos superar ambas tendencias, reclamando unha maior amplitude e diversificación metodolóxica. Subscribimos neste sentido a reivindicación de Tejerina con respecto á necesidade de combinar as perspectivas obxectivistas e subxectivistas:

Los enfoques de la realidad social que plantean su análisis en términos de optar bien por una perspectiva objetivista, de los 'elementos objetivos' de la realidad social [os

7 Máis adiante comprobaremos que outra consecuencia disto nas ciencias humanas é o claro predominio e mesmo exclusivismo das técnicas cuantitativas, consideradas *obxectivas*, fronte ás cualitativas.

8 Esta asociación de "empírico = obxectivo = observación directa" é claramente unha falacia, mesmo aplicada ás ciencias naturais. Como di Bunge (1969: 723, a cursiva é miña), "lo observable suele ser una pequeña fracción de los hechos que constituyen el objeto de una investigación; los hechos o fenómenos observables no son más que documentos que sugieren o confirman la existencia tras ellos de hechos *más interesantes*. (...) Fue un mérito de los físicos-filósofos jonios el indicar que lo invisible es natural, y que es escrutable a través de sus efectos".

observables directamente], o bien por una perspectiva subjetivista, de los ‘elementos subjetivos’ de la realidad social, parten de una falsa dicotomía. Tanto los elementos objetivos como los subjetivos forman parte de la realidad, en cuanto que es realidad social. (Tejerina, 1992: 50)

E podemos engadir que ambos son susceptibles de investigación empírica. En definitiva, sen renunciar á observación como procedemento empírico básico (Bunge, 1969: 717), considéranse investigacións empíricas tanto as centradas en fenómenos directamente observables, como as que se interesan por fenómenos non observables, sempre que se sometan a un proceso de *obxectificación*. A obxectificación consiste en *inferir* fenómenos non observables directamente a través da “mediación de hechos perceptibles y por medio de hipótesis”, de xeito que estes feitos perceptibles se converterán en *indicadores* dos primeiros (Bunge, 1969: 736)⁹. Así, intentando ir máis alá da tradicional oposición entre “coñecemento subxectivo” e “coñecemento obxectivo”, entendemos por empírica (factual) toda investigación que traballe con fenómenos *reais*, no sentido de fenómenos observables (observación directa) ou obxectificables (observación indirecta). Por suposto, neste último caso, o problema residirá en demostrar a adecuación dos indicadores (datos) usados no proceso de inferencia. Estes deben ser externos ó propio investigador, e a súa relación cos fenómenos estudiaados debe estar convenientemente xustificada a nivel teórico¹⁰.

-
- 9 Por exemplo, a clase social constitúe en si mesma un fenómeno inobservable directamente que nos vemos obrigados a inferir a través de indicadores como o nivel de estudos e/ou de ingresos; pero tamén fenómenos físicos, como o vento, deben incluírse nesta mesma categoría. En palabras de Bunge (1969: 736), “el viento no es directamente observable, sino inferido a partir de cuerpos de control que se suponen movidos por él, o bien sintiendo su presión en nuestro cuerpo”. Sen embargo, en moitos casos os fenómenos físico-naturais pertencen á dimensión do non observable só de forma transitoria, xa que o continuo avance tecnolóxico pode cambiar a situación, como xa ten pasado repetidas veces (pénsese, por exemplo, na mellora de instrumentos de observación como microscopios ou telescopios). No caso dos fenómenos humanos, en cambio, hoxe en día resulta difícil imaxinar un instrumento tecnolóxico, por avanzado que fose, que nos permitise “ver” a mente.
- 10 En palabras de Bunge (1969: 740), “cuando la relación postulada entre la variable inobservable *U* y su manifestación observable *O* no está de algún modo justificada por una teoría ni es independientemente contrastable, la afirmación de que un determinado *U* queda de hecho objetificado por un determinado *O* es poco más que una ocurrencia o un dogma. La observación indirecta no es, pues, posible sino a través y por medio de la teoría. Cuanto más precisa sea la teoría, tanto más precisa será esa inferencia”. Por outra parte, esta relevancia dos datos conleva que a elaboración dun corpus se convirta nunha fase moi importante en toda investigación empírica.

1. TIPOS DE INVESTIGACIÓN EMPÍRICA EN LINGÜÍSTICA

No que respecta á Lingüística, como afirma Simone, estamos ante

una disciplina ESENCIALMENTE no observable: de sus fenómenos sólo algunos se pueden ver, en la medida en que se plasman en forma escrita o están constituidos por comportamientos -que se pueden ver, oír o grabar- de hablantes. Pero incluso así la variedad de los fenómenos que se pueden observar directamente queda muy limitada. ¿Quién de nosotros ha visto o podrá ver la organización sintáctica de una frase? ¿Quién podrá ver (cualquiera que sea el sentido literal del término) cómo está hecha una regla gramatical? ¿Quién será capaz de ver el significado de un discurso? (Simone, 1993: 11)

Así pois, a investigación lingüística (empírica) terá que recorrer a un tipo ou outro de observación —directa ou indirecta—, en función da elección e delimitación do obxecto de estudio que leve a cabo en cada caso.

1.1. A observación directa

As expresións concretas dos falantes (orais ou escritas) si poden ser observadas directamente. De feito, mesmo poden ser recollidas mediante “instrumentos físicos de rexistro” (Bunge, 1969: 730), como unha gravadora¹¹. Polo tanto, sempre que o interese da investigación lingüística se centre no aspecto productivo das linguas, isto é, nas realizacións concretas da competencia lingüística por parte dos falantes en calquera dos niveis (fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico ou pragmático), e tanto se o obxectivo é o estudio dos aspectos invariantes ou dos variables en función de factores sociais, espaciais, etc., o lingüista pode optar pola elaboración dun *corpus* no que se recollan mostras de fala e, en consecuencia, pola observación directa como método de investigación. Neste caso, non hai proceso de inferencia, pois os datos dos que parte a investigación (as producións concretas dos falantes) coinciden cos fenómenos estudados, sometidos por suposto ó proceso de selección que implica a elaboración dun corpus. Trátase de

actos de habla efectivamente realizados por los hablantes en situaciones concretas y determinadas (de allí su carácter externo), los cuales suponen una relación dialógica

11 A posibilidade de rexistrar un fenómeno mediante instrumentos físicos é o principal requisito para incluílo na dimensión do directamente observable. Sen embargo, “con eso no hemos eliminado el sujeto [observador], sino más bien la posibilidad de algunas de las ilusiones perceptuales de éste; pero el sujeto no está eliminado, porque alguien tiene que hacer la interpretación de las señales recogidas por la registradora física” (Bunge, 1969: 730). En consecuencia, como xa dixemos, o coñecemento que procede da observación directa é tamén subxectivo neste sentido.

de cualquier tipo, incluso si estas situaciones son hasta cierto punto provocadas o creadas por el investigador en la forma de entrevistas. (Caravedo, 1999: 27)

Se, por exemplo, queremos estudar o fenómeno do seseo no español peninsular actual ou a elección lingüística en función dos dominios nunha comunidade bilingüe, a observación directa semellaría sen dúbida, polo menos en principio, a metodoloxía máis adecuada. Sen embargo, este recurso metodolóxico aplicado ó estudio dun fenómeno social como é a linguaxe, presenta dous importantes problemas que aínda hoxe seguen sen resolverse:

- a) O primeiro refírese á dificultade de achegarse á produción lingüística real na súa naturalidade, xa que a simple presenza do suxeito-observador crea unha situación comunicativa determinada con características específicas (+ formal, - natural), que provocan a aparición de determinadas opcións lingüísticas nos falantes e o “ocultamento” doutras. Isto é o que se denomina o “paradoxo do observador” (Labov, 1983), cuestión abundantemente tratada pola bibliografía pertinente, sobre todo no campo da Sociolingüística e a Antropoloxía lingüística.

Evidentemente, o problema diminúe ou mesmo desaparece cando se trata de fala escrita ou de discurso público, acentuándose cando o obxectivo é acceder á fala oral espontánea dos ámbitos privados¹². Cómpre ter en conta tamén o tipo de fenómeno obxecto de estudio, pois o grao de control que poden exercer os falantes sobre a súa propia produción lingüística non é igual en tódolos casos. En primeiro lugar, pode ocorrer que os falantes non sexan nin sequera conscientes do fenómeno que nos interesa estudar. Esté o caso, por exemplo, do yeísmo en Galicia, sobre o que os falantes non semellan ter coñecemento metalingüístico (Kabatek, 2000: 156) e, en consecuencia, dificilmente intentarán modificalo. Polo contrario, o control dos falantes será maior canto máis estigmatizado estea o fenómeno. Sen embargo, os falantes non sempre teñen éxito nos seus intentos de modificar a súa fala (pénsese nas hipercorreccións). Deste xeito, un fenómeno de tipo fonolóxico como o seseo, aínda que estea valorado negativamente, será máis difícil de “ocultar” que o uso de determinadas variantes léxicas, ou dunha lingua desprestixiada nunha sociedade bilingüe (sempre e cando se dispoña da competencia suficiente na outra lingua). En

12 De aí que na formación de córpora se privilexie en moitos casos a lingua escrita, extraída de xornais e obras literarias, así como a oral procedente dos medios de comunicación de masas (televisión e radio), ou doutro tipo de actos públicos, como conferencias (Caravedo, 1999: 56). Sen embargo, estas fontes só nos permiten acceder a un tipo determinado de variedades lingüísticas e rexistros (as máis cercanas á variedade estándar e ós rexistros formais). No intento de recoller a fala oral espontánea téñense desenvolvido numerosas técnicas, desde a observación participante ata a provocación de situacións comunicativas por parte do investigador, utilizando diferentes estratexias para desviar a atención do informante do seu xeito de falar (entrevistas individuais ou grupais sobre algún tema persoal ou de actualidade). Labov, por exemplo, aconsella preguntar ós informantes por unha situación na que se atopasen en perigo de morte (Labov, 1983: 133). Por suposto, a posibilidade de gravar actos de fala privados sen o permiso dos suxeitos implicados enfrontaríase con problemas éticos (Johnstone, 2000: cap. 4).

definitiva, a maior control por parte do falante, maior será o efecto do “paradoxo do observador”, é dicir, máis difícil lle resultará ó investigador acceder á produción natural (non pública) dos falantes, sen distorsionala coa súa presenza.

- b) En segundo lugar, o fenómeno obxecto de estudio debe presentar un número suficiente de ocorrencias no conxunto do corpus utilizado. Isto é moito máis sinxelo no caso de fenómenos fonético-fonolóxicos ou morfolóxicos —dado que constitúen inventarios pechados—, ca sintácticos, léxicos ou pragmáticos. Unha posible alternativa é que o investigador provoque a súa aparición mediante preguntas ou situacións que creen os contextos adecuados. Sen embargo, esta solución resulta tamén especialmente difícil de levar á práctica no caso, por exemplo, de fenómenos sintácticos¹³. Por outra parte, cómpre ter en conta que canto máis directa e reiterada sexa a intervención do investigador, máis influirá a súa presenza na naturalidade da fala.

1.2. A observación indirecta

Debido ós problemas que acabamos de mencionar, en moitas investigacións inténtase estudar a produción real dos falantes non observándoa directamente, senón a través da información que eles mesmos proporcionan, método coñecido como “self-report” (Milroy, 1987) ou “autoinforme” (Rodríguez González, 1989: 216). Estaríamos ante un proceso de obxectificación, no que a información dos individuos sobre a súa propia produción lingüística se converte en *indicador* desta. Polo tanto, neste caso os datos dos que parte o lingüista —a información metalingüística dos falantes— son os indicadores a partir dos cales debe inferir os fenómenos obxecto de estudio, é dicir, a produción. Incluímos nesta liña metodolóxica as investigacións nas que se lles pregunta ós individuos directamente polos seus usos lingüísticos, por exemplo, se falan ou non con seseo, ou se cambian ou non de lingua, en qué situacións e con qué falantes¹⁴. Temos que distinguir nidiamente esta información de tipo psicolóxico, que denominaremos *intuicións ou información metalingüística dos falantes*, da información de tipo non psicolóxico, isto é, a produción (Caravedo, 1999: 23)¹⁵. Tanto no caso de intuicións coma no de producións, a información pode e debe ser recollida de xeito *sistemático* nun corpus, explicitando ademais o proceso metodolóxico seguido: debe tratarse de información externa ó propio investigador e ser de carácter público e intersubxectivo. Só no caso de que se cumpran estes requisitos poderemos falar de investigación empírica. De

13 Este problema, fronte ó anterior, dáse así mesmo no estudio dos fenómenos físico-naturais. Neste caso, intenta solucionarse recreándoos en situacións de laboratorio.

14 Normalmente para levalas a cabo empréganse as técnicas da entrevista ou do cuestionario, ou a que Milroy (1987: 187) denomina “diarios lingüísticos”, esta última moito menos frecuente.

15 Volvemos insistir na necesidade de diferenciar entre a intuición dos falantes e a do propio lingüista, reservando o termo introspección para referirnos a esta última. Sen lugar a dúbidas, a intuición do lingüista está presente en toda investigación, pero só falamos de método introspectivo cando esta é a principal fonte de información á que se recorre.

feito, é a sistematicidade da observación o que distingue unha investigación científica da pura especulación conversacional (Johnstone, 2000: 22).

O principal problema de acudir á información dos falantes para estudar a produción lingüística consiste na dificultade de delimitar o que pertence ós seus xuízos valorativos do que reflicte “fíelmente” a súa produción, isto é, a diferenza entre o que os informantes afirman cando se lles pregunta directamente e o que realmente fan. As contradicións entre os resultados deste tipo de estudos e os que proporciona a observación directa foron xa suficientemente demostradas (Milroy, 1987: 187). De novo, o problema acentúase cando se estudian variedades ou linguas estigmatizadas, pois os falantes, consciente ou inconscientemente, tenderán a ocultalas en favor das máis prestixiosas. Esta reacción, moi típica dos informantes, coñécese como “desexabilidade social” e provoca que os resultados destas investigacións reflictan máis ben actitudes e normas sobre as linguas cá produción real. Sería o que ocorre cando os informantes negan usar, por exemplo, o ceceo no caso do español, ou a gheada no caso do galego, aínda que de feito sexan prácticas habituais na súa fala. Unha posible medida para evitar estas conductas de “autocorrección ou ocultamento” consiste en contrastar preguntas referidas ós usos dos informantes con outras sobre os usos dos seus veciños, por exemplo: “¿Como dis/di ti/vostede *doce* ou *dose*, *ningún* - *ninghún* - *nighún* ou *ninkún*?” e “¿Como di a xente deste lugar *doce* ou *dose*, *ningún* - *ninghún* - *nighún* ou *ninkún*?” (Valcárcel Riveiro, 1997: ítems 3 e 36)¹⁶. Noutros casos, como xa dixemos, os falantes simplemente non son conscientes das súas propias conductas lingüísticas, polo que dificilmente serán capaces de informar sobre as mesmas. Isto ocorre por exemplo no caso xa comentado do yeísmo ou cos fenómenos de alternancia e mestura de códigos, que adoitan producirse de xeito inconsciente. Así, en comunidades bilingües os falantes poden afirmar que usan na casa, por exemplo, unha das linguas de xeito exclusivo, cando en realidade están continuamente cambiando dunha a outra¹⁷.

En contrapartida, a principal vantaxe que presenta estudar a produción a través da observación indirecta é a posibilidade de recoller grandes cantidades de datos con relativamente pouco esforzo económico e de tempo.

Como conclusión, resulta cuestionable afirmar que a observación indirecta constitúe un método válido para estudar a produción lingüística, pois o risco de estar obtendo información sobre as actitudes e normas sociais dos falantes, e non sobre a propia produción, é continuo. Este método implicaría “fiarnos” da información da xente sobre o seu propio uso lin-

16 O resultado, como nos explica Valcárcel Riveiro (1997: 31), é que “moitos informantes tendían nun primeiro lugar a recoñecer como propias as variantes máis castelanizadas ou pertencentes ó estándar, pero logo afirmaban sen problemas que as variantes da súa veciñanza eran outras e, finalmente, acababan recoñecendo o uso de variantes non prestixiosas”.

17 Por suposto esta metodoloxía implica fiarnos dos recordos dos informantes, que segundo os casos poden estar máis ou menos “deformados”. Así, a técnica vólvese menos fiable cando os fenómenos que nos interesan pertencen ó pasado, por exemplo ó formular a persoas maiores cuestións do tipo “¿Que lingua falaba dos 14 ós 18 anos?” (Seminario de Sociolingüística, 1995: pregunta 29).

güístico. Sen embargo, convértese no único posible cando se trata de estudar fenómenos non observables directamente. É o caso das investigacións que se centran en fenómenos mentais ou inmateriais, como as actitudes, normas, valores, crenzas, ideoloxías, etc., fenómenos fundamentais, como xa dixemos, para a comprensión do comportamento humano en xeral e, en consecuencia, tamén do comportamento lingüístico. O procedemento a seguir neste tipo de estudos será, de novo, a obxectificación, de xeito que a fase máis problemática da investigación consistirá en seleccionar indicadores válidos, que nos permitan inferir adecuadamente os fenómenos mentais obxecto de estudio. Trátase de recorrer, igual que no caso anterior, á información metalingüística dos falantes, isto é, ás súas intuicións, pero agora non como indicadores da produción, senón de constructos mentais, como as actitudes e ideoloxías. Sen dúbida, outra opción sería usar como indicadores as condutas, aínda que, loxicamente recorrer a estas suporía caer de novo no máis puro conductismo, mentres que o obxectivo que perseguimos radica xustamente en ser capaces de distinguir o aspecto productivo das linguas do avaliativo. En relación con isto, unha das maiores falacias que se producen no estudio dos fenómenos non directamente observables consiste en que se acaban confundindo cos indicadores que manexamos para acceder a eles. Así, identifícanse os datos ou indicadores a partir dos cales levamos a cabo o proceso de inferencia cos propios fenómenos. Observamos este tipo de identificación por exemplo nos estudos actitudinais que se adscriben á corrente conductista, que equiparan as actitudes ós comportamentos manifestos (Agheyisi e Fishman 1970). O mesmo ocorre co discurso como medio de expresión ou indicador da ideoloxía, de xeito que, nunha práctica reduccionista, estes dous conceptos (discurso e ideoloxía) acaban fundíndose (van Dijk, 1998: 250).

No caso de decantarnos pola información metalingüística dos informantes como indicadores, en detrimento da conduta, aínda debemos tomar outra decisión máis, pois para recollela de xeito sistemático nun corpus temos á nosa disposición diferentes técnicas, que se agrupan en dúas grandes perspectivas metodolóxicas, a cuantitativa e a cualitativa. Como veremos no seguinte epígrafe, no primeiro caso a información metalingüística dos falantes provócase mediante as preguntas estandarizadas dun cuestionario, mentres que no segundo o obxectivo é acceder ó discurso espontáneo dos falantes. Entre ambos extremos atopamos diversas técnicas intermedias e tanto unhas como as outras presentan vantaxes e inconvenientes¹⁸.

En resumo, entendemos que o “coñecemento de axente” que se atribúe ás ciencias humanas e, polo tanto, á Lingüística, non resulta incompatible coa posibilidade de empirismo. Precisamente, na busca da máxima rigorosidade metodolóxica, cremos necesario distinguir as investigacións empíricas das que non pertencen a este ámbito. Entre estas últimas, a introspección, no sentido chomskyano, non a podemos considerar válida como método empírico xa

18 Estas mesmas técnicas son as que se utilizan no estudio do aspecto productivo das linguas e, polo tanto, na observación directa. Por suposto o que varía en cada caso é a xustificación teórica.

que se basea nas intuicións do propio investigador (non observables directamente), sen sometelas a un proceso de obxectificación. Trátase de intuicións individuais e ideais, fronte ás intuicións dun conxunto de informantes recollidas de xeito sistemático nun corpus, colectivas e intersubxectivas. No caso de pretender que as intuicións do lingüista funcionen como indicadores, a súa relación cos fenómenos inobservables que constitúen o obxecto de estudo, é dicir, as normas de corrección intersubxectivas, non cumpriría os requisitos esixidos —que a relación estea xustificada por unha teoría e sexa independentemente contrastable (Bunge, 1969: 740)—, en especial este último. En definitiva, a introspección e o empirismo son incompatibles porque aquela non remite a nada fóra do investigador (véxase a nota 4). Como sinala Labov (1983: 254), “los lingüistas no pueden producir al mismo tiempo teoría y datos”. Sen embargo si son empíricas as investigacións que se basean nun corpus de datos independentes do investigador (externos), no sentido de que non proceden del, senón de informantes. Trátase dun xeito determinado de concibir a conexión entre teoría e realidade, no que o punto de partida o constitúen os datos reais, que nun caso coincidirán cos fenómenos estudados (observación directa) e noutro cos indicadores dos mesmos (observación indirecta que esixe un proceso de inferencia)¹⁹. Estamos, polo tanto, ante o método inductivo, que se define por obter xeneralizacións a partir de datos observables. Convén, sen embargo, realizar certas matizacións, pois, do contrario, o lector podería levarse a engano. En primeiro lugar, decantarse polo método inductivo non debe entenderse como un rexeitamento da teoría, nin nas fases iniciais da investigación —xa que nestas uns principios teóricos xerais resultan fundamentais tanto na delimitación do problema estudado, coma no establecemento de hipóteses ou na selección das técnicas de produción de datos máis adecuadas—, nin nas últimas fases, á hora de analizar e interpretar os datos obtidos. Debe evitarse, polo tanto, que a importancia concedida ós datos no método inductivo se converta nunha relación de dependencia dos mesmos, que impida dar o *salto* dos datos concretos á teoría, quedándonos no nivel puramente descritivo e sen acadar o interpretativo.

Por outra parte, aunque falemos de córpora formados por datos *reais* (fronte ós datos auto-inventados da introspección), non podemos esquecer que entre estes e a realidade estudiada sempre hai unha distancia. Por suposto isto é evidente no caso da observación indirecta, onde os datos son simples indicadores, pero tamén se dá cando o método usado é a observación directa. Como afirma Caravedo,

El corpus, como conjunto de datos extraídos del habla real, no constituye la copia o la reproducción de esta; antes bien, en la medida en que implica la selección de cier-

19 De ningún xeito se poderán considerar investigacións empíricas aquelas nas que o investigador elabore as súas teorías exclusivamente a través das súas propias intuicións, aínda que, en lugar de usar exemplos inventados por el mesmo, busque *a posteriori* exemplos extraídos de producións reais (por exemplo de periódicos ou obras literarias). Este sería o caso, entre outros moitos, da gramática da RAE, fronte ás gramáticas *baseadas* en corpus.

tas porciones de realidade y su reunión en un corpo organizado premeditadamente, según certas condicións muy precisas orientadas por los objetivos de investigación, supone la reconstrucción de un nuevo universo, distinto del natural, que actúa de mediador entre la teoría y la realidade original. (Caravedo, 1999: 21)

De aí que sexa necesario garantir a representatividade —cuantitativa ou cualitativa—, dos datos usados. Trataremos este tema máis adiante, ó analizar as dúas perspectivas metodolóxicas ás que se pode recorrer para a produción dos datos, é dicir, para a elaboración dos córpora.

A modo de conclusión, presentamos na seguinte táboa os diferentes tipos de investigación lingüística que distinguimos, xunto coas súas principais características.

TÁBOA 1

Tipo de investigación	Metodoloxía	Tipo de datos		Fenómenos obxecto de estudio	Tipo de observación
Lingüística non-empírica / non-factual / formal	Introspección (do propio lingüista)	Datos auto-inventados polo investigador		Intuicións do lingüista	X
Lingüística empírica / factual	Aproximación inductiva	Accións Datos externos ó investigador (procedentes de informantes), e recollidos nun corpus	Produccións concretas dos falantes	Aspecto productivo - comunicativo das linguas	Observación directa
			Información metalingüística dos falantes	Aspecto avaliativo das linguas, fenómenos mentais	Observación indirecta ↓ Obxectificación

2. METODOLOXÍA CUANTITATIVA / METODOLOXÍA CUALITATIVA

No existen derechos de autor respecto a los métodos en las ciencias sociales. Hay que sentirse libre para usar cualquiera que sirva a nuestros objetivos.

(Duranti, 2000: 172)

O éxito do cuantitativismo en Lingüística é paralelo ó das ciencias humanas en xeral, nun afán por equipararse ás físico-naturais e acadar así o status de científicas. No debate que cuestiona se as ciencias humanas son (ou non) científicas e empíricas, os partidarios da hexemonía cuantitativa só admiten como método científico válido o das ciencias físico-naturais e, en consecuencia, “anhelan” achegarse a el o máximo posible (Ortí 1994, Dávila 1994). Esta mesma situación atopámola na Lingüística. En palabras de Fernández Pérez:

en lo que se refiere a los cauces técnicos hay que seguir hablando del *mecanicismo* y *reduccionismo* característicos de una concepción positivista de la ciencia (...), de manera que se toma como patrón de *cientificidad* el modo de proceder en las ciencias naturales y —como en ese terreno— se recurre a la matemática, a la estadística, a las leyes, a los *modelos* e incluso a la *idealización*. (Fernández Pérez, 1993: 200)

Baixo esta concepción, polo tanto, restrínxese o método científico e o empirismo, non só á observación directa, senón á liña metodolóxica cuantitativa²⁰. Sen embargo, actualmente desde a Socioloxía resulta xa xeralmente aceptado que un método científico “riguroso, detallado, universal y manualizable” non existe (Beltrán, 1989: 18). Así mesmo, recoñécese que “empírica es también la investigación cualitativa en la medida en que no es puramente especulativa, sino que hace referencia a determinados hechos” (Beltrán, 1989: 34), isto é, a fenómenos observables ou obxectificables a través de datos *reais*. Neste mesmo sentido, Caravedo afirma:

Los enfoques más modernos de tipo cualitativo en el análisis de los fenómenos, aquellos que siendo estudiados en un corpus particular no se organizan de modo cuantitativo, sino que se analizan y se describen individualmente sin considerar la frecuencia como aspecto crucial o determinante para el conocimiento de los fenómenos, refuerzan el hecho de que el *trabajo empírico* no supone la exclusiva elección del *método cuantitativo*. (Caravedo, 1999: 78, a cursiva é miña)

Como consecuencia deste cambio de mentalidade —bastante posterior na nosa disciplina—, nos anos 60 comeza a revalorizarse desde a Socioloxía a perspectiva cualitativa, producíndose durante a década dos 70 un claro enfrontamento entre ambos enfoques (Ortí, 1994: 86; Valles, 1997: 71; Cea D’Ancona, 1998: 47). Esta dicotomía existente nas ciencias sociais entre a cuantificación e a cualificación reproducíuse tamén na Lingüística (Moreno Fernández, 1990: 90; Ramallo, 1999: 266), pero mentres na Socioloxía a “situación de guerra” ten hoxe poucos defensores, xurdindo a articulación cualitativo/cuantitativo como unha “especie de ideal metodolóxico” (Callejo, 1998: 103), e defendéndose a pluralidade de métodos tanto na teoría como na práctica (Latiesa 1991), na Lingüística estamos aínda lonxe de poder afirmar que superamos o exclusivismo metodolóxico. Así, ás poucas voces que reivindicaron esta “reconciliación” metodolóxica —Svejcer (1986) ou xa moi recentemente Caravedo (1999), entre outros— non se lles concedeu, na nosa opinión, a relevancia que requirían, de xeito que non acadaron a difusión necesaria ou simplemente resultaron silenciadas ou esquecidas. Un

20 Como pode observarse, á hora de seleccionar as técnicas metodolóxicas máis adecuadas para acceder ós datos, asistimos de novo á relación de dependencia das ciencias humanas ás naturais, igual que ocorría na selección do tipo de observación manexada: directa ou indirecta.

dato que pon de relevo a marxinação da metodoloxía cualitativa na nosa disciplina é a escaseza de libros ou artigos dedicados á mesma²¹.

Antes de seguir, imos analizar brevemente as características que distinguen estas dúas perspectivas metodolóxicas: a *cuantitativa* —na que a técnica estrela é a enquisa—, e a *cualitativa* —na que destacaríamos a observación participante, a entrevista e o grupo de discusión—²². Diferéncianse tanto na estratexia de produción de datos, como na súa análise. Mentres o cuantitativismo pon a énfase na medición obxectiva a través de instrumentos estruturados, que facilitan a posterior análise estatística dos datos, o cualitativismo enfatiza a linguaxe, a expresión espontánea dos informantes, e non emprega técnicas estatísticas (Latiesa, 1991: 102; Ortí, 1989: 72). Polo contrario, recorre a técnicas de análise do discurso, dado que este é a súa materia prima fundamental, converténdose no obxecto privilexiado da investigación. De aí que se equipare o enfoque cuantitativo cos números e a linguaxe matemática, e o cualitativo coas palabras e a linguaxe natural (Dávila, 1994: 70). Ademais, mentres o obxectivo do primeiro é a explicación causal, o segundo aspira á comprensión estrutural. De feito, unha das principais críticas á perspectiva cuantitativa consiste na “creciente carencia de sentido de la producción masiva de datos cada vez máis precisos y menos relevantes para la comprensión de la situación y de los problemas sociales históricos y concretos” (Ortí, 1994: 87), xa que a frecuencia estatística dun comportamento non o fai máis comprensible nin provisto de sentido (Callejo, 1995: 2). Fronte a isto, o cualitativismo pretende captar o *sentido subxectivo* que o axente dá ás súas conductas, mediante a operación de “desentrañar significados” (Ortí 1989; Latiesa, 1991: 96). Estoutra maneira de aproximarse ós suxeitos estudados concédelles un papel máis activo na investigación, concibíndoos como actores ou axentes, como tales suxeitos en defintiva, en lugar de como simples obxectos (Callejo, 1998: 109)²³. Neste punto radica a outra crítica máis importante que se lle fai ó cuantitativismo. Segundo Alfonso Ortí (1994: 87), “los sujetos / objeto de la investigación dejan de ser considerados / metodológicamente tratados como masa pasiva e indiferenciada de individuos / autómatas ‘señalizadores’ para poder expresar (supuestamente) sus propios valores, deseos y creencias;” devolvéndolles así certo protagonismo. En cambio, no cuestionario (o instrumento de medida característico da enquisa), o entrevistado debe adherirse necesariamente a unha das opcións ofrecidas polo entrevistador, sen posibilidade de cuestionar a súa formulación, expresar quizais falta de comprensión, matizar a resposta elixida ou mesmo proñer outras posibles opcións de resposta. De acordo con este procedemento, o que busca a enquisa estatística son regularidades, pero tras eses grupos homoxéneos que revela a distri-

21 B. Johnstone (2000: 2), por exemplo, denuncia esta situación no campo concreto da Sociolingüística.

22 Hai autores que falan de “enfoque distributivo” fronte a “enfoque estrutural-dialéctico” (Ibáñez, 1979: 13 e 1994; Ortí, 1989: 172), ou ben de “enfoque étic” e “enfoque émic” (Ibáñez 1988).

23 Lémbrese que a distinción que establecíamos entre as ciencias humanas e as naturais referíase precisamente a que nas primeiras os *suxeitos* constituían o *obxecto de estudio*, aínda que tratalos como tales suxeitos implícase aceptar un maior grao de subxectivismo.

bución de frecuencias poden ocultarse actitudes e comportamentos bastante diferentes. En relación con isto, cómpre diferenciar a mostra estatística (cuantitativa) propia das enquisas, da mostra estrutural (cualitativa) que se utiliza nos estudos cualitativos. Esta última non permite a xeneralización dos resultados, senón que busca simplemente a saturación estrutural, é dicir, saturar tódalas posicións sociais, ou polo menos os grupos centrais ou maioritarios da estrutura social, ou no seu caso, os segmentos sociais seleccionados en cada investigación (Callejo, 1995: 79). Por último, a perspectiva cualitativa tamén se afasta da cuantitativa polo tipo de deseño de investigación que require. Fronte ó carácter pechado do deseño cuantitativo, que “pretende ser reproducible en todos sus extremos” (Dávila, 1994: 77), o proceso empírico das prácticas cualitativas é multidimensional e aberto, e dá cabida ó inesperado. Trátase dun deseño emerxente, que debe ser ante todo flexible, admitindo cambios e reformulacións a medida que se vai desenvolvendo a investigación (Valles, 1997: 77).

3. A TRIANGULACIÓN

De tódolos xeitos, non limitarse á metodoloxía cuantitativa non implica caer no triunfalismo cualitativista, xa que ningunha das dúas perspectivas por separado é suficiente para analizar e comprender a complexa realidade social. De feito, o propio Jesús Ibáñez afirma:

Cuando nos enfrentamos con un sistema desconocido (y todos los sistemas, aun aquéllos de que formamos parte, nos son —al menos parcialmente— desconocidos), no tenemos más remedio que iniciar la investigación desde el enfoque étic [cuantitativo] (y someter perpetuamente a crítica, desde ese enfoque, los supuestos descubrimientos émic [cualitativos]). (Ibáñez, 1988: 219)

Defendemos, polo tanto, a pluralidade metodolóxica e a necesidade de complementar ambos enfoques, estratexia denominada *triangulación*, que se define como “la aplicación de distintas metodoloxías en el análisis de una misma realidad social” (Cea D’Ancona, 1998: 47, Johnstone, 2000: 61)²⁴. Sen embargo, queremos insistir en que estas dúas perspectivas non son intercambiabes, senón que a elección dunha ou doutra, ou de ambas, dependerá dos obxectivos de cada investigación ou ben do aspecto ou aspectos do obxecto que nos propo-

24 Por exemplo, desde a Sociolingüística xa algúns autores teñen reivindicado con anterioridade esta necesidade de combinar diferentes metodoloxías, aínda que, como xa dixemos, esta postura ata hai ben pouco aparece só de xeito marxinal. Así, no 1986, Švejcer afirmaba no capítulo da súa obra dedicado ós “Methods of Sociolinguistic Studies”, tras describir diferentes técnicas, como o cuestionario, a observación participante e o método de Lambert (matched-guise): “It appears from the foregoing that these methods to some extent supplement each other. Therefore the use in an empirical study of a combination of several methods of collecting sociolinguistic data rather than just one considerably increases the validity of sociolinguistic analysis” (Švejcer, 1986: 154).

ñamos estudar, aínda que nunca das materias en si mesmas, xa que estas non son inherentemente cualitativas ou cuantitativas (Beltrán 1989, Ramallo 1999)²⁵.

Na práctica, a triangulación pode levarse a cabo de xeitos moi diversos²⁶. Podemos usar ambas metodoloxías —cuantitativa e cualitativa— no interior dunha mesma investigación, ou en estudos diferentes pero que busquen a complementariedade de obxectivos. Neste último caso, o máis habitual é ofrecer a perspectiva cualitativa unha vez que xa se ten suficiente información desde a cuantitativa, co propósito de compensar as posibles insuficiencias. Isto é o que fai por exemplo Callejo (1995) no seu traballo sobre o consumo televisivo, no que recorre ó uso do grupo de discusión, partindo dos datos proporcionados polos cuestionarios e os estudos de audiencia, co obxectivo de complementalos. A triangulación tamén pode referirse ó uso de distintas técnicas pertencentes á mesma aproximación metodolóxica, como o recurso a entrevistas en profundidade e grupos de discusión —procedementos ambos cualitativos—, no estudio de Ramírez Goicoechea (1996) sobre a inmigración en España. Pero evidentemente esta triangulación, denominada intramétodo, fronte á triangulación entre métodos, non permite superar as limitacións ou sesgos propios da metodoloxía escollida, sexa a cuantitativa ou a cualitativa (Cea D'Ancona, 1998: 52).

No caso da combinación das dúas perspectivas metodolóxicas nunha mesma investigación, cómpre distinguir entre as prácticas de produción e de análise de datos. Así, atopamos estudos que mesturan, por exemplo, técnicas de produción de datos cualitativas con técnicas de análise cuantitativas. Este sería o caso da análise de contido cuantitativa (análise estatística coa axuda de ordenadores), aplicada ós discursos extraídos de entrevistas ou de grupos de discusión, procedemento que non semella rendible, posto que “se queda en lo superficial de los discursos y en un recuento de palabras que, en principio, no tienen sentido” (Callejo, 1998: 113-114). Ademais, este tipo de deseño debemos consideralo en realidade cuantitativo, pois o que pretende é *medir obxectivamente* os discursos, isto é, descubrir con cánta frecuencia se produce un fenómeno.

Igual de problemáticos resultan os cuestionarios que utilizan preguntas abertas, xa que anulan unha das vantaxes das técnicas cuantitativas —a facilidade da análise estatística e a comparación de resultados—, sen ofrecer as vantaxes das cualitativas —maior flexibilidade e posibilidade de acceder a información non prevista polo investigador—. Como afirma A. Ortí,

las llamadas ‘preguntas abiertas’ de la encuesta estadística de opiniones y actitudes continúan siendo una ‘apertura cualitativa’ (una ‘ventana’ o una ‘rendija’) dema-

25 De aí que á hora de caracterizar as distintas disciplinas ou correntes disciplinares prefirmos dar prioridade ós factores de obxecto de estudo e obxectivos, fronte ó da metodoloxía, pois consideramos que esta non se pode interpretar como definitoria de campos disciplinares.

26 Aínda que se distinguen catro tipos de triangulación —de datos (fontes), de investigadores, de modelos teóricos e metodolóxica (Cea D'Ancona, 1998: 49; Callejo, 1998: 107)—, esta última é a que nos interesa neste artigo.

siado estrecha para que por ella circule, aportando toda su riqueza semántica, un auténtico *discurso (ideológico) espontáneo y libre* de un sujeto. (Ortí, 1989: 179)

De feito, as respostas a preguntas abertas non deixan de ser frases descontextualizadas, polo xeral ambiguas e difíciles de interpretar. Sen embargo, neste caso, aínda que as preguntas formuladas polo investigador si son estruturadas e sistemáticas, as respostas carecen desta propiedade, pois en lugar de ofrecerse ó informante un número limitado de alternativas de resposta para escoller, este debe contestar “libremente”, coas súas propias palabras, diferencia fundamental con respecto ó cuestionario de preguntas pechadas. No cuestionario de preguntas abertas, denominado tamén “entrevista estandarizada” (Valles, 1997: 186-187), habería que falar de mestura no propio proceso de produción de datos, situándoo a medio camiño entre o cuestionario de preguntas pechadas (cuantitativo) e a entrevista en profundidade, aberta ou semidirixida, xa si plenamente cualitativa²⁷. Esta última, que dá prioridade á conversa libre, caracterízase, fronte ós outros dous tipos, porque “ni tan siquiera hay un listado de preguntas abiertas a utilizar con todos y cada uno de los entrevistados” (Valles, 1997: 187)²⁸. Por suposto, tanto no caso da entrevista estandarizada como na aberta, á hora de analizar os datos poden aplicarse técnicas cualitativas ou cuantitativas. Sen embargo, seguindo a Callejo (1998: 121), insistimos en que “la articulación entre lo cualitativo y lo cuantitativo aparece adecuada desde el nivel metodológico de prácticas completas, no desde la introducción de la articulación dentro de una práctica”. A metodoloxía que elixamos —sexa a cuantitativa ou a cualitativa—, debemos empregala tanto na fase de produción de datos como na de análise, pois só así poderemos extraer a súa máxima rendibilidade²⁹. No caso de que optemos pola triangulación —entre métodos— nun mesmo proxecto, combinaremos só técnicas completas de cada unha das dúas perspectivas metodolóxicas.

27 Utilizamos o termo “cuestionario”, sen especificar, para referirnos ó estandarizado ou de preguntas pechadas, oposto ó “cuestionario de preguntas abertas”. Un exemplo que pode ilustrar a diferenza entre estas técnicas é a investigación de Kabatek (2000). Este autor, co fin de estudar as actitudes dos falantes cara a diferentes variedades da lingua galega, parte da técnica tradicional nos estudos cuantitativos, o cuestionario estandarizado ou de preguntas pechadas, pero vai adaptándoo a medida que desenvolve a investigación, ata chegar á entrevista en profundidade (que el denomina “entrevista intensiva guiada”). Así, das trinta entrevistas que realiza, emprega esta última técnica nas 19 últimas, mentres que nunha primeira serie (entrevistas nº 1 a nº 11) utiliza o cuestionario, que orixinalmente elaborou con preguntas pechadas ou de alternativas fixas, pero que lles presentou xa ós informantes a través de preguntas abertas (polo tanto, o que denominamos entrevista estandarizada).

28 Téñase en conta que tanto o cuestionario de preguntas pechadas como o de preguntas abertas pode administrarse de xeito persoal, “cara a cara”, ou ben deixar ó informante que sexa el mesmo o que lea as preguntas e anote as respostas (enquisa autoadministrada). Por suposto, no caso da entrevista en profundidade (non estruturada), esta segunda opción resulta inviable.

29 No caso de utilizar a entrevista estandarizada ou cuestionario de preguntas abertas (técnica intermedia), consideramos que a análise máis adecuada é a cualitativa, xa que en realidade os datos obtidos son deste tipo, pois estamos ante as propias palabras dos informantes, aínda que limitadas á lista de preguntas formuladas polo entrevistador e, polo tanto, ós temas propostos por este. Trataríase, en definitiva, dun discurso semilibre.

Por último, en moitos traballos o cualitativo límitase exclusivamente ás fases previas da investigación, cumprindo unha función exploratoria de introducción ó tema de estudo. Utilízanse, por exemplo, os grupos de discusión co fin de preparar os cuestionarios, na fase da operacionalización dos conceptos (Gaitán e Piñuel, 1998: 122). Así, neste tipo de deseños as técnicas cualitativas aparecen claramente subordinadas, pois considérase que os seus resultados deben ser *verificados* por estudos cuantitativos sobre mostras representativas (Valles, 1997: 296). En consecuencia, o obxectivo destes traballos responde de novo á perspectiva cuantitativa, razón pola cal consideramos que non se adecuan propiamente ó que entendemos por triangulación. Como conclusión, non podemos confundir a triangulación coa subordinación de metodoloxías, de xeito que non sempre que se combinen podemos falar de triangulación. Independentemente de que poidamos e debamos integrar as distintas prácticas metodolóxicas —sempre prácticas completas—, consideramos que cada unha das técnicas é autónoma e autosuficiente. En palabras de Valles,

los usos autosuficientes en la pequeña escala (donde se considera a los GD [Grupos de Discusión] formando un proyecto en sí mismos, aunque de hecho puedan estar en un proyecto mayor o conjunto de proyectos), se convierten en *usos combinados en la gran escala*, en la escala de los programas de investigación. (Valles, 1997: 301-302)

Ademais, mediante a triangulación non pretendemos verificar ou confirmar resultados, senón ofrecer diferentes perspectivas dunha mesma realidade social. Non podemos esquecer que os datos da investigación son sempre producidos. Como di Callejo (1998: 109), “distintas maneras de observación generan una especie de realidad mecanopolidérica, pero no la *realidad*”. Polo tanto, non se trata de acadar unha “verdade obxectiva”, senón de ofrecer distintos puntos de vista, que, sen lugar a dúbidas, enriquecerán a nosa análise e interpretación da realidade. Duranti (2000: 128-129), referíndose á etnografía, insiste tamén nesta vía de investigación como a máis adecuada: “Así es el estilo de las mejores etnografías que tenemos. Son un compendio de diversos puntos de vista, incluyendo el del observador y el observado”.

Para concluír, presentamos un esquema con tódalas técnicas que nos permiten acceder á *información metalingüística* dos actores sociais, a través da provocación do investigador, é dicir, as técnicas que utilizan como datos as propias *intuicións dos falantes* sobre o seu xeito de falar (aspecto productivo das linguas), ou acerca das súas ideoloxías e actitudes lingüísticas (aspecto avaliativo das linguas), dentro da metodoloxía que denominamos observación *indirecta*³⁰. O papel do investigador-observador-entrevistador varía en función da técnica, de

30 Obsérvese que todas estas técnicas poden usarse non só para acceder ó aspecto avaliativo das linguas, senón tamén ó productivo (véxase a táboa 1), aínda que neste último caso o proceso de obxectificación resulta menos xustificable desde un punto de vista teórico. De feito, para estudar a produción lingüística é aconsellable recorrer á observación directa, empregando estas mesmas técnicas ou outras, como a observación participante ou os materiais documentais. Estas dúas últimas non as incluímos no esquema porque non son resultado da provocación directa do investigador. Mentres que nas técnicas que presentamos aquí o investigador é o que

xeito que canto máis cualitativa sexa esta, menor será a intervención daquel —e máis activo, polo tanto, o papel reservado ó *informante*—, reducíndose así os efectos da desexabilidade social (estratexias de salvar a imaxe), a medida que as técnicas se integran na perspectiva cualitativa.

FIGURA 1

+ cualitativas		<i>Grupo de discusión</i>	}	técnicas de conversa
		<i>Entrevista en profundidade, aberta ou semidirixida</i>		
- cualitativas		<i>Entrevista estandarizada ou cuestionario de preguntas abertas</i>	}	técnicas de enquisa
		<i>Cuestionario estandarizado ou de preguntas pechadas</i>		

BIBLIOGRAFÍA

- Agheyisi, Rebecca e Fishman, Joshua A. (1970), “Language Attitudes Studies. A Brief Survey of Methodological Approaches”, *Anthropological Linguistics* 12, 137-157.
- Bastardas i Boada, Albert (1996), *Ecologia de les llengües. Medi, contactes i dinàmica sociolingüística*, Barcelona, Proa.
- Beltrán, Miguel (1989), “Cinco vías de acceso a la realidad social”, en García Ferrando, Manuel e outros (comps.), *El análisis de la realidad social*, Madrid, Alianza Universidad, 17-47. Primeira edición de 1986.
- Bunge, Mario (1969), *La investigación científica. Su estrategia y su filosofía*, Barcelona, Ariel.
- Callejo Gallego, Javier (1995), *La audiencia activa. El consumo televisivo, discursos y estrategias*, Madrid, CIS, colección Monografías, nº 144.
- (1998), “Sobre el uso conjunto de prácticas cualitativas y cuantitativas”, *Revista Internacional de Sociología*, nº 21, 1998, 101-126.
- Caravedo, Rocío (1999), *Lingüística del Corpus. Cuestiones teórico-metodológicas aplicadas al español*, Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca.
- Cea D’Ancona, M^a. Ángeles (1998), *Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social*, Madrid, Síntesis.

crea o contexto no que se producen os datos, nestoutras técnicas o investigador accede ós datos nos seus contextos naturais.

- Dávila, Andrés (1994), "Las perspectivas metodológicas cualitativa y cuantitativa en las ciencias sociales, debate teórico e implicaciones praxeológicas", en Delgado, Juan Manuel e Gutiérrez, Juan (coords.), *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*, Madrid, Síntesis, 69-83.
- Duranti, Alessandro (2000 [1997]), *Antropología Lingüística* (traducción de Pedro Tena), Madrid, Cambridge University Press.
- Fernández Pérez, Milagros (1984), "El carácter de la ciencia lingüística", *Verba* 11, 129-156.
- (1985), "A propósito del libro de E. Itkonen, *Causality in Linguistic Theory*, London, Croom Helm, 1983, 332 pp.", *Verba* 12, 339-410.
- (1986a), *La investigación lingüística desde la filosofía de la ciencia (A propósito de la lingüística chomskiana)*, *Verba*, anexo 28, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- (1986b), "Las disciplinas lingüísticas", *Verba* 13, 15-73.
- (1993), "Sociolingüística y Lingüística", *LEA* XV/2, 149-248.
- Gaitán Moya, Juan A. e Piñuel Raigada, José L. (1998), *Técnicas de investigación en comunicación social. Elaboración y registro de datos*, Madrid, Síntesis.
- Ibáñez, Jesús (1988), "Cuantitativo / cualitativo", en Reyes, Román (dir.), *Terminología científico-social. Aproximación crítica*, Barcelona, Anthropos, 218-233.
- Itkonen, Esa (1984), "Quantitative Analysis in Linguistics", en Perry, T. (ed), *Evidence and argumentation in Linguistics*, Berlin-New York, De Gruyter, 334-366.
- Johnstone, Barbara (2000), *Qualitative methods in Sociolinguistics*, Oxford-New York, Oxford University Press.
- Kabatek, Johannes (2000 [1996]), *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual* (traducción do autor revisada por M^a Xesús Bello Rivas), Vigo, Xerais.
- Labov, William (1983 [1972]), *Modelos Sociolingüísticos* (traducción de J. M. Marinas Herrerías), Madrid, Cátedra.
- Latiesa, Margarita (1991), "La pluralidad metodológica, una aplicación en el campo de la investigación educativa", en Latiesa, Margarita (ed.), *El pluralismo metodológico en la investigación social, ensayos típicos*, Granada, Universidad de Granada, 83-106.
- Mackey, William F. (1994), "La ecología de las sociedades plurilingües", en Bastardas, Albert e Boix, Emili (1994), *¿Un estado, una lengua?*, Barcelona, Octaedro.
- Milroy, Lesley (1987), *Observing and Analysing Natural Language*, Oxford, Basil.
- Moreno Fernández, Francisco (1990), *Metodología sociolingüística*, Madrid, Gredos.
- Ortí, Alfonso (1989), "La apertura y el enfoque cualitativo o estructural, la entrevista abierta o estructural y la discusión de grupo", en García Ferrando, Manuel e outros (comps.),

- El análisis de la realidad social. Métodos y técnica de investigación*, Madrid, Alianza Universidad, 171-203. Primeira edición de 1986.
- (1994), “La confrontación de modelos y niveles epistemológicos en la génesis e historia de la investigación social”, en Delgado, Juan Manuel e Gutiérrez, Juan (coords.), *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*, Madrid, Síntesis, 85-95.
- Ramallo, Fernando F. (1999), “Informática y sociolingüística cuantitativa”, en Gómez Guinovart, Javier e outros, *Panorama de la Lingüística Informática*, monográfico de *RESLA*.
- Ramírez Goicoechea, Eugenia (1996), *Inmigrantes en España, vidas y experiencias*, Madrid, CIS, colección Monografías nº 147.
- Rodríguez González, Ángel (1989), “Interpretación de las actitudes”, en Rodríguez, Ángel e Seoane, J. (coords.), *Creencias, actitudes y valores. Tratado de Psicología General*, Madrid, Alianza, 199-314.
- Simone, Raffaele (1993 [1990]), *Fundamentos de Lingüística* (Traducción de M^a Pilar Rodríguez Reina), Barcelona, Ariel.
- Švejc, A. D. (1986 [1976]), *Contemporary sociolinguistics. Theory, problems, methods*, Amsterdam, Benjamins.
- Tejerina Montaña, Benjamín (1992), *Nacionalismo y lengua*, Madrid, CIS, colección Monografías, nº 122.
- Valcárcel Riveiro, Carlos (1997), *Do rural ó urbano: tentativa dunha análise xeolingüística do concello de Pontevedra*, Santiago de Compostela, Memoria de Licenciatura inédita.
- Valles, Miguel S. (1997), *Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional*, Madrid, Síntesis.
- Van Dijk, Teun A. (1999 [1998]), *Ideología. Una aproximación multidisciplinaria* (Traducción de Lucrecia Berrone de Blanco), Barcelona, Gedisa.